

RESOLUCIÓN REITORAL DE 17 DE XUÑO DE 2020 PARA A IMPLEMENTACIÓN DO ACORDO DO 12 DE XUÑO, DO CONSELLO DE GOBERNO SOBRE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS E URGENTES PARA O DESENVOLVEMENTO DA ORGANIZACIÓN DOCENTE NO CURSO 2020/2021 EN CASO DE CRISE SANITARIA.

Á vista do acordo acadado o 12 de xuño do 2020 polo Consello de Goberno da Universidade sobre medidas extraordinarias e urxentes para o desenvolvemento da organización docente no curso 2020/2021 en caso de crise sanitaria, que indica no seu punto I.1 que “na Universidade de Vigo, a actividade docente exclusivamente presencial poderá, de xeito extraordinario e temporal, verse modificada coa finalidade de garantir a saúde ou a seguridade públicas, e dar lugar así a unha modalidade mixta e incluso verse substituída por un modelo de actividade docente non presencial”,

Á vista de que o punto I.2 do dito acordo indica que “a modalidade mixta activarase mediante resolución reitoral sempre que as autoridades diten unhas medidas sanitarias que así o exixan”

Á vista das medidas sinaladas no *Real Decreto-ley 21/2020, de 9 de junio, de medidas urgentes de prevención, contención y coordinación para hacer frente a la crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19*, en particular, o seu artigo 9.2º que, no que atinxe aos centros docentes, establece que “en cualquier caso, deberá asegurarse la adopción de las medidas organizativas que resulten necesarias para evitar aglomeraciones y garantizar que se mantenga una distancia de seguridad de, al menos, 1,5 metros. Cuando no sea posible mantener dicha distancia de seguridad, se observarán las medidas de higiene adecuadas para prevenir los riesgos de contagio”.

Á vista da modificación operada no calendario académico para o curso académico 2020-21 polo Consello de Goberno na súa sesión extraordinaria do 12 de xuño de 2020

Esta Reitoría

R E S O L V E

Primeiro.- que o curso académico comece o día 21 de setembro de 2020 na modalidade de “docencia mixta”, consonte ao exposto no acordo do 12 de xuño do 2020 do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, sobre medidas extraordinarias e urxentes para o desenvolvemento da organización docente no curso 2020/2021 en caso de crise sanitaria, en particular, o seu punto I.

Segundo.- que, sen prexuízo do previsto no punto anterior, as persoas que dirixen os centros dispoñerán ata as 14:00 h. do día luns 29 de xuño do 2020 para solicitar que algunha ou varias das titulacións que xestionan comecen na modalidade exclusivamente presencial, previo acordo da súa Xunta de Facultade/Escola ou da comisión con competencias en materia docente, debendo resolver esta Reitoría sobre as ditas solicitudes, previo informe da Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado.

Terceiro.- que, no entanto o disposto no punto primeiro, entre o luns 7 e o venres 18 de setembro, agás no primeiro curso dos estudos de grao, poderán levarse a cabo as actividades académicas propostas polas direccións dos centros, previa aprobación polas súas Xuntas de Facultade ou Escola, que deberán ser ratificadas pola COAP, e do que será informado o Consello de Goberno.

O Reitor